

# EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

## (SECRETARIA XERAL)

### CERTIFICADO DE SECRETARÍA

María Jesusa Fernández Bascuas Secretaria acctal., do Excmo Concello da Estrada, do que é Alcalde D. José C. López Campos, **CERTIFICO** que, pola Alcaldía en funcións dictouse o Decreto nº 2017-1376 de data 20 de novembro que a continuación se transcribe:

“-Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia relativa á adxudicación da obra “MELLORA DA HÍPICA DO MERCADO DE GANDO DE GUIMAREI”.

-Visto o expediente tramitado, de contratación da obra “MELLORA DA HÍPICA DO MERCADO DE GANDO DE GUIMAREI”.

-Visto que dentro de prazo presentaron ofertas as seguintes empresas:

-SERGONSA SERVICIOS S.L.

-CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L.

-DESBROCES BELUSO S.L.

-ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.

-CONSTRUCCIONES ANLLAR S.L.U.

-CONSTRUCCIONES BOQUEIXÓN S.L.

-Vistas as declaracións responsables presentadas correctamente polas indicadas empresas.

-Visto que as mercantiles SERGONSA SERVICIOS S.L., CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L., DESBROCES BELUSO S.L., CONSTRUCCIONES ANLLAR S.L.U. e CONSTRUCCIONES BOQUEIXÓN S.L., non presentan a declaración xurada respecto daquelas empresas coas que teñen algún tipo de vinculación ou de non ter vinculación con ningunha outra, facer referencia da súa inexistencia na citada declaración.

Ao ser este un defecto subsanable, de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, concedéuselle ás indicadas empresas un prazo de tres días hábiles para que, no caso de seguir interesados, procedesen a súa subsanación.

Dentro do prazo concedido todas elas presentan a indicada declaración.

Visto que, de conformidade co estipulado na cláusula 14 das do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, relativa á fase de negociación, enviouse un escrito aos catro licitadores mellor clasificados, que resultaron ser CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L., ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L., SERGONSA SERVICIOS S.L., e CONSTRUCCIONES ANLLAR S.L.U., para que formularan contestación, ben confirmando a primeira oferta presentada ou ben mellorando a mesma.

Visto que as empresas CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L., ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L., SERGONSA SERVICIOS S.L. fan unha segunda oferta que mellora a presentada inicialmente.

Visto que en canto á empresa CONSTRUCCIONES ANLLAR S.L.U., mantense na realizada inicialmente.

-Visto que como consecuencia do anterior, e unha vez efectuados os cálculos correspondentes resulta que a empresa ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L., foi a que presentou a oferta máis vantaxosa para o Concello,

-Visto que presenta a inscrición da indicada empresa no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, o cal, de conformidade co establecido no Prego de

Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen esta licitación, considérase suficientemente acreditado o cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores).

-Visto que tamén presenta a documentación relativa á póliza de responsabilidade civil por un importe de 150.000 euros así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

Vista a fiscalización da Intervención Municipal de data 20/11/2017.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía nº 682 de 15 de xuño de 2015.

Visto o sinalado no artigo 10 da Lei 40/2015 no relativo á avocación de competencias,

### **RESOLVO:**

1º- Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

2º- Adxudicar o contrato da obra "MELLORA NA HÍPICA DO MERCADO DO GANDO DE GUIMAREI", por importe de 48.587,55 euros a ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L. con CIF nº B15411705 e enderezo en Rúa da Brúa nº 29, 15892 Santiago de Compostela, (enderezo electrónico [info@arinessl.com](mailto:info@arinessl.com)) con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

3º.- Formalícese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación.

4º- Notifíquese o presente Acordo aos outros licitadores."

E para que así conste, e aos efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde.

O Alcalde

A Secretaria acctal.,

(documento asinado dixitalmente á marxe)